

FEAE Galicia

Boletín informativo · N.º 1 · Outono de 2026

Nova xunta, novo curso

Saúdo da xunta directiva, actividades do curso e novas da rede FEAE

01 Novidades 02 Rede FEAE 03 Próximas actividades 04 Revista DYLE 05 Participa

Estimadas persoas socias:

Comezamos unha nova etapa en FEAE Galicia. A xunta directiva elixida para o mandato 2026-2030 quere saudarvos e agradecervos a confianza que depositastes en nós.

Traballamos en equipo para que o Foro siga sendo un espazo de encontro, reflexión e colaboración entre profesionais da educación. Neste primeiro boletín compartimos convosco as próximas actividades e o plan para o curso. Contamos convosco: sumando esforzos chegamos máis lonxe.

Se tedes ideas, suxestións ou unha proposta de colaboración, escribídenos: estudaremos xuntos, con moito gusto, as posibles vías de traballo.

Xunta directiva de FEAE Galicia

01 Novidades de FEAE Galicia

A nova xunta directiva

A asemblea xeral do 19 de outubro elixiu a xunta para o mandato 2026-2030:

Presidencia	M.ª Begoña Codesal Patiño
Vicepresidencia	Mercedes González Sanmamed
Secretaría	Begoña Mosquera Silva
Tesourería	Emilio Veiga Río
Vogais	Susana Vázquez Martínez Antonio Leonardo Pastor Eduardo Rafael Rodríguez Machado Esther Martínez Rivas
Equipo de comunicación	Nuria Rebollo Quintela Luísa Losada Puente

O noso plan para o curso 2026-27

1.º trimestre

Encontro sobre o TANV en colaboración co CFR da Coruña.

Presentación do libro *Ni frágiles ni idiotas. Cómo la mala ciencia ha construido el estereotipo adolescente*, de Fátima García Doval e José César Perales.


2.º trimestre

Convocatoria dos Premios Innovación FEAE Galicia Rafael Rodríguez Martín e visita institucional ao Concello da Coruña.

3.º trimestre

Entrega dos Premios FEAE Galicia e Encontro de Asociacións e Escola para a Educación Inclusiva.

02 Rede FEAE e Europa



Estivemos nas XXXIII Xornadas Estatais de Zaragoza

23 e 24 de outubro · Zaragoza

Unha delegación de FEAE Galicia participou nas Xornadas «Miradas de la Educación Inclusiva», organizadas por FEAE Aragón e o CIFICE da Universidade de Zaragoza. O programa contou coas ponencias de Carlos Magro Mazo, «Liderar la inclusión: comunidades educativas que aprenden y se transforman», e de Coral Elizondo Carmona, «La inclusión no se improvisa: se diseña». Emilio Veiga Río moderou o conversatorio sobre alianzas máis alá da escola e aprendizaxe ao longo da vida, e FEAE Galicia cocoordinou dous espazos de debate: o papel das entidades e a formación do profesorado.

Ver a web das Xornadas →

03 Próximas actividades



Encontro coa Dra. Leyre Gambra sobre o Trastorno de Aprendizaxe Non Verbal (TANV)

Martes 3 de novembro · 17:00–19:00 · CFR da Coruña, sala 4.4

En colaboración co CFR da Coruña, achegamos á práctica de aula a investigación do Grupo de Neurodesenvolvemento e Aprendizaxe da Universidade de Navarra: como se manifesta o TANV en cada etapa, que sinais de alerta convén ter presentes e que medidas educativas axudan a este alumnado. Prazas limitadas ata completar o aforo.

Reserva a túa praza escribindo a feaegalicia@gmail.com

10
DEC
xoves

Cea de FEAE Galicia

Xoves 10 de decembro · 20:30 · Lugar pendente de confirmar

Para apuntarvos, escribide a feaegalicia@gmail.com indicando nome e apelidos e se tedes algún tipo de intolerancia alimentaria. Confirmaremos o lugar máis adiante.

04 Revista DYLE



Número 31

Aprendizaxes en contextos non formais

O novo número dedica o monográfico á educación non formal: museos, ciencia e matemáticas fóra da aula, universidades populares e cidadanía. Inclúe a experiencia galega «Open Science Cambre», de José M. Viñas Diéguez e Ana Rascado Dopico. Animámosvos a lela e a propoñer artigos.

Ler a revista →

05 Participa

Queremos escoitarvos

Se tedes ideas, unha experiencia que compartir ou queredes colaborar co Foro, escribídenos e estudaremos convosco as posibles vías de traballo.

Escríbenos a feaegalicia@gmail.com →

FEAE Galicia · Fórum Europeo de Administradores da Educación de Galicia

Web · LinkedIn · X · Instagram · Facebook

feaegalicia@gmail.com

Responsable do tratamento: FEAE Galicia. Finalidade: informar as persoas socias das actividades da asociación. Base xurídica: a relación asociativa. Podes exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación escribindo a feaegalicia@gmail.com.